



CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN INTERINA DUN/HA XERENTE DO COLEF GALICIA

1. Obxecto da convocatoria

Substitución do xerente do COLEF Galicia (traballador con dereito a reserva do posto de traballo) coas seguintes características principais:

- Contrato de interinidade, a extinguir coa reincorporación do traballador substituído ou ao vencemento do prazo legal ou convencionalmente establecido para a reincorporación.
- Aplicación do convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña.
- Categoría Grupo I, titulada/o grao superior.
- Xornada completa.

2. Funcións da praza

As funcións da praza son as propias da Xerencia do COLEF Galicia, entre outras, as seguintes:

- a) Apoio á Xunta de Goberno na planificación estratéxica do Colexio.
- b) Dirección, execución e control dos programas e proxectos colexiais.
- c) Coordinación do persoal e recursos do COLEF Galicia.
- d) Atención á colexiación e resolución de consultas.
- e) Representación do colexio en reunións e eventos, ben sexa acompañando a membros da Xunta de Goberno ou en delegación da mesma.
- f) Acompañamento e representación do COLEF Galicia cando sexa requirido polos membros da Xunta de Goberno.
- g) Outras funcións que sexan requiridas pola Xunta de Goberno do COLEF Galicia.

3. Requisitos dos aspirantes

Para seren admitidas no proceso selectivo, as persoas interesadas deberán estar colexiadas no COLEF Galicia e ao corrente das correspondentes obrigas colexiais, no momento de presentación da solicitude.

Valoraranse principalmente os coñecementos e experiencia no sector profesional, e na xestión de entidades públicas e privadas.

4. Presentación de solicitudes

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante o envío, á dirección de correo electrónico colef@coleggalicia.com, da seguinte documentación:

- Currículo actualizado.
- Informe de vida laboral.
- Carta de motivación.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 25 de outubro de 2018 (incluído).



Ilustre Colexio Oficial
de Licenciadas/os en Educación Física
e en Ciencias da Actividade Física
e do Deporte de Galicia

5. Órgano de selección

O órgano competente e responsable do proceso será a Xunta de Goberno do COLEF Galicia, que poderá delegar nunha comisión formada por varios dos seus membros se así o estima conveniente e/ou necesario.

6. Entrevistas

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á entrevista persoal de, cando menos, 4 candidatas que posúan un perfil máis axeitado para a praza convocada, a xuízo do órgano de selección.

No momento da entrevista, os aspirantes deberán presentar un documento identificativo válido (DNI ou equivalente) e a documentación xustificativa orixinal dos méritos alegados no seu currículo.

Na entrevista faranse preguntas relacionadas coas funcións da praza convocada e sobre o coñecemento do COLEF Galicia, así como todas as cuestións que o órgano de selección considere oportunas.

7. Resolución do proceso

O órgano de selección resolverá a convocatoria propoñendo a contratación dunha das persoas candidatas, que encabezará unha lista de agarda que poderá ser utilizada para novas contratacións interinas.

En Compostela, a 15 de outubro de 2018

Henrique Xoán Rodríguez Pantín
Presidente do COLEF Galicia

Alexandre Fernández Fernández
Secretario do COLEF Galicia